

LIBERALIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS TRANSXÉNICOS

Domingo Bello Janeiro

Director da Escola Galega de Administración Pública
Catedrático de dereito civil da Universidade da Coruña

1. Introducción

O día 18 de abril de 2004 comezáronse a aplicar os regulamentos 1829/2003 e 1830/2003, do Parlamento Europeo e Consello, sobre os alimentos e pensos modificados xeneticamente e a trazabilidade e etiquetaxe de Organismos Modificados Xeneticamente (OMX) e dos alimentos e pensos producidos a partir destes, que existen, para a súa comercialización, a autorización administrativa previa, baseada nunha avaliación rigorosa, a cargo da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (AESA).

O lexislador comunitario exonera da dita autorización para comercializar un alimento que conteña unha proporción de material transxénico ou de orixe transxénica igual ou inferior ao 0,5% sempre que a dita presenza sexa accidental ou tecnicamente inevitable e que o material modificado xeneticamente no alimento recibira o ditame favorable da AESA.

Garántese que todos os OMX indiquen claramente na súa etiquetaxe o seu carácter transxénico, aínda que se establece un límite mínimo do 0,9% de presenza accidental ou tecnicamente inevitable de material transxénico ou de orixe transxénica no produto ou alimento, por debaixo do cal se exonera do deber de cumprir as esixencias da etiquetaxe.

Esta etiquetaxe exhaustiva require, como complemento indispensable, un sistema estrito de trazabilidade, que permita seguir o trazado ou rastrexo o produto en todas as fases da súa produción e distribución, desde a súa orixe ata chegar ao consumidor final.

Os regulamentos comunitarios obrigan aos estados membros a adoptar as medidas de control e inspección precisas para garantir o seu cumprimento, e remítenlle a estes a tipificación e aplicación das sancións asociadas ao incumprimento, que teñen que ser efectivas, proporcionadas e disuasorias, do que dependerá o éxito da súa aplicación.

En España, traspuxéranse xa directivas comunitarias a través do Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aprobaba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, que establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización dos OMX, regulando, entre outros asuntos, a composición da Comisión Nacional de Bioseguridade (CNB) e o rexistro central español de OMX.

É unha regulación pouco coñecida e estudada, e que posúe un grande interese, non só polas súas importantes implicacións sociais, económicas e científicas, senón tamén por razóns estritamente xurídico-dogmáticas.

A regulación deste sector exemplifica perfectamente, entre outros aspectos, o papel que lle corresponde á Administración pública e ao dereito administrativo no actual mundo globalizado, a crecente europeización do dereito administrativo e dos seus procedementos, a forma en que se artellan as competencias dos distintos niveis territoriais nos estados autonómicos ou federais, as complexas relacións existentes entre a ciencia e a sociedade na sociedade da información e das novas tecnoloxías, a importancia adquirida por bens xurídicos como o medio e os medios de control dos riscos xerados polas novas tecnoloxías.

O concepto de organismo modificado xeneticamente (OMX) ou transxénico é o dun organismo vivo que posúe unha nova combinación de material xenético resultado da aplicación da enxeñaría xenética, mediante a manipulación da dotación xenética do organismo, introducindo, redistribuíndo ou eliminando xenos específicos mediante técnicas de bioloxía molecular.

O desenvolvemento de OMX na agricultura comercializouse fundamentalmente en variedades de millo e de soia. Actualmente, o desenvolvemento de variedades transxénicas forma parte dos programas de investigación sobre cultivos en todo o mundo, e a difusión no emprego desta nova tecnoloxía produciuse dun xeito moi rápido. As variedades de sementes MX son cultivadas por millóns de agricultores en 16 países do mundo. Entre os anos 1996 e 2002 a área total cultivada multiplicouse por 35. Esta alta taxa de adopción reflicte o elevado grao de aceptación por parte dos agricultores.

Por cultivos, as variedades MX máis relevantes pertencen aos cultivos de millo, algodón, colza e soia. Esta última representa xa un 50% do total de soia cultivada no mundo (ISAAA, 2002). O 98% da produción dos cultivos MX encóntrase nos EE.UU., Arxentina e Canadá (Sheldon, I. M., 2002). España é o único país da UE que ten plantada unha superficie significativa de variedades transxénicas, en concreto 25.000 hectáreas de millo Bt.

Unha vez xerada a tecnoloxía (por parte de centros de investigación públicos ou empresas privadas) e adoptada por parte do agricultor, entra na cadea alimentaria mediante o procesamento dos alimentos, para o consumo animal ou humano. Os beneficios dos OMX fronte ás variedades tradicionais foron amplamente estudados. Algunhas das vantaxes ás que se aluden están relacionadas coa mellora na produción, o incremento nas marxes financeiras dos agricultores e a redución no uso de pesticidas e herbicidas (*Science*, 1999, Pardey *et al.*, 2002). Mentres que os principais riscos están relacionados cos efectos sobre a saúde humana, a preocupación a longo prazo do impacto ecolóxico sobre a biodiversidade, o poder do mercado das grandes empresas que desenvolven OMX e as obxeccións éticas á transferencia no natural de material xenético entre especies distintas (Kydd *et al.*, 2000).

Estas controversias, derivadas da dificultade de valorar, desde o punto de vista científico, os riscos asociados a este cambio tecnolóxico e as súas probabilidades de ocorrencia, xunto coa distinta resposta dos consumidores, dificulta acadar un consenso político no ámbito internacional sobre a necesidade de intervención pública.

2. A normativa reguladora dos organismos xeneticamente modificados (OMX)

A manipulación, diseminación e comercialización de organismos modificados xeneticamente é obxecto dunha normativa moi abundante, emanada polos tres grandes niveis xurídico-políticos do ordenamento xurídico español: as instancias comunitarias, o Estado e as comunidades autónomas.

A regulación básica desta materia encóntrase no dereito comunitario e nos múltiples regulamentos e directivas que a UE foi elaborando para unificar ou harmonizar os ordenamentos xurídicos dos seus estados membros. A UE regulou por primeira vez esta materia mediante dúas directivas do 23 de abril de 1990: a Directiva 90/219/CE, do Consello, da utilización confinada de microorganismos modificados xeneticamente (D90/219), e a Directiva 90/220/CE, do Consello, da liberación intencional no medio de organismos modificados xeneticamente (D90/220).

Ambas as directivas foron despois obxecto de reforma. Tras algunhas modificacións menores, a D90/219 foi obxecto dunha importante reforma por parte da Directiva 98/81/CE, do Consello, do 26 de outubro, mentres que a D90/220 foi derogada e substituída pola Directiva 2001/18/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de marzo, sobre a liberación intencional no medio de organismos modificados xeneticamente. Esta última directiva entrou en vigor o 17 de outubro de 2002.

Pero a UE elaborou tamén algunhas normas que regulan a materia en función da clase de produto a que dean lugar os distintos organismos modificados xeneticamente. Aprobáronse, así, sobre todo, o Regulamento (CEE) 2309/93, do Consello, do 22 de xullo, polo que se establecen procedementos comunitarios para a autorización e supervisión de medicamentos de uso humano e veterinario e polo que se crea a Axencia Europea para a Avaliación de Medicamentos (R2309/93), cuxo anexo foi modificado polo Regulamento (CE) 649/98, da Comisión, do 23 de marzo. Tamén se aprobou o Regulamento (CE) 258/97, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro, sobre novos alimentos e novos ingredientes alimentarios (R258/97), e a Directiva 98/95/CE, do Consello, do 14 de decembro, de sementes (D98/95).

O R2309/93, ademais de crear a Axencia Europea para a Avaliación de Medicamentos, establece un procedemento comunitario centralizado para a autorización da comercialización dos medicamentos humanos e veterinarios de alta tecnoloxía. Entre eles están os medicamentos obtidos mediante as novas técnicas de manipulación xenética.

Desde unha perspectiva similar, aínda que no ámbito alimentario, o R258/97 regula de forma específica os requisitos de comercialización dos alimentos e ingredientes alimentarios novos, isto é, aqueles que "non fosen empregados nunha medida importante para o consumo humano na Comunidade" (art. 1.2 R258/97). Entre eles temos os alimentos e ingredientes alimentarios que conteñen ou consisten en organismos modificados xeneticamente (como o tomate, o arroz, o millo, etc.), así como os alimentos e ingredientes procedentes de organismos modificados xeneticamente.

España, ao igual ca outros países comunitarios, traspuxo con retraso as directivas de 1990. Fíxoo en 1994 a través da LOMX94, que fundiu nunha soa norma as disposicións da D90/219 e da D90/220. A LOMX94 foi desenvolta regulamentariamente polo Real decreto 951/1997, do 20 de xuño, que aproveitou para traspoñer tamén as directivas que adaptaran os anexos da D90/219 e da D90/220 ao progreso técnico.

Recentemente, e ao amparo dos mesmos títulos competenciais, as Cortes Xerais traspuxeron tanto a D98/81 coma a D2001/18 mediante unha soa lei, a LOMX. Aínda que a transposición se produciu con re-

trazo, España foi o cuarto estado membro en incorporar ao seu ordenamento xurídico a D2001/18.

Distintas comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias lexislativas e executivas nos ámbitos da sanidade e do medio, elaboraron unha normativa propia en materia de OMX. É unha normativa de carácter fundamentalmente organizativo, destinada a posibilitar o exercicio das competencias executivas que a LOMX94 (e, agora, a LOMX) lles atribuíu. Entre outras: Andalucía, Aragón, Canarias, Castela-A Mancha, Castela e León, Catalunya, Extremadura e Navarra.

Quen desexe desenvolver as distintas actividades con organismos transxénicos permitidas pola normativa vixente deberá solicitar e obter, normalmente, a previa habilitación administrativa en forma de autorización. Coherentemente co principio de precaución, a autorización debe ser concedida sempre de forma *expresa* (a normativa comunitaria soe esixir, ademais, a forma escrita); isto significa, na terminoloxía xurídico-administrativa española, que non cabe obter a autorización de forma presunta, polo mero transcurso do prazo de que dispón a Administración para resolver de forma expresa o procedemento iniciado mediante a solicitude do interesado; que non cabe, en definitiva, o *silencio administrativo* nesta materia. Con isto garántese que non se levarán a cabo as actividades relacionadas con OMX (potencialmente perigosas) sen que a administración competente lles dea antes o seu visto e prace, tras comprobar que non representan ningún perigo para a saúde das persoas nin do medio.

A autorización administrativa é esixida para a realización de determinadas actividades de utilización confinada e para toda a liberación voluntaria e comercialización de organismos transxénicos e de produtos que os conteñan. É tamén esixida para poder comercializar a maior parte dos alimentos, ingredientes alimentarios e medicamentos de orixe transxénica.

En calquera caso, estes procedementos non poderán eliminar a necesidade de efectuar unha rigorosa avaliación do risco nin de presentar un mínimo de información que permita controlar axeitadamente esta avaliación. Tampouco poderá suprimir a necesidade de obter unha previa autorización escrita da administración competente, nin a facultade desta de impoñer as condicións que estime necesarias.

Como xa nos consta, o Regulamento 1829/2003 é unha norma vertical que, ao garantir un nivel de protección do medio equivalente ao establecido pola Directiva 2001/18, a desprazará no ámbito específico por el regulado: a comercialización de alimentos e pensos transxénicos. A partir de agora, quen desexe comercializar alimentos e pensos transxénicos xa non deberá obter dúas autorizacións, senón só unha, a regulada no dito Regulamento. Ao igual ca o R258/97, e a diferenza da D2001/18, o

R1829/2003 resulta non só da aplicación aos alimentos transxénicos, senón tamén, aos alimentos de mera orixe transxénica.

Como xa sabemos tamén, o R1829/2003 abandona o polémico procedemento simplificado de mera comunicación previa previsto no R258/97 para a comercialización de alimentos de orixe transxénica substancialmente equivalentes aos xa existentes e esixe, en todos os casos, a autorización administrativa baseada nunha avaliación rigorosa dos riscos que comporten para a saúde humana e o medio.

Os suxeitos que desexen obter a autorización de comercialización deberán solicitar á autoridade nacional competente, presentando gran cantidade de información tendente a demostrar que o alimento cumpre os requisitos sinalados.

A diferenza do previsto na Directiva 2001/18 o informe da avaliación non é elaborado pola autoridade nacional competente, senón pola AESA, axencia independente comunitaria. Así, unha vez recibida a solicitude, a autoridade nacional limitase a enviarlle un xustificante de recepción ao solicitante nun prazo de 14 días, a informar sen demora á AESA e a poñer ao seu dispor a solicitude e calquera información complementaria que aquel lle transmitira. A AESA, á súa vez, informarlle sen demora aos demais estados membros e á Comisión Europea e poñerá á súa disposición tanto a solicitude coma a información complementaria que o solicitante lle transmita; así mesmo, poñerá ao dispor do público o resumo do expediente entregado polo solicitante.

Unha vez elaborado o ditame técnico pola AESA, este envíaselle á Comisión, aos estados membros e ao solicitante, xunto cun informe explicativo. Inmediatamente despois da súa adopción, a AESA poñerá o ditame e a información na que se basee ao dispor do público, que terá un prazo de 30 días para remitir os seus comentarios.

A proposta de resolución da Comisión trasládase ao Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal, presidido por un representante da Comisión e integrado por representantes dos estados membros.

Como ocorre coa Directiva 2001/18, é o Consello da UE quen acaba decidindo a autorización da comercialización de alimentos transxénicos e de orixe transxénica.

Unha vez adoptada a decisión, a Comisión notificalla de xeito inmediato ao solicitante e publícaa no *Diario Oficial da Unión Europea*. O alimento pasa a ser inscrito no rexistro comunitario de alimentos e pensos modificados xeneticamente mantido pola Comisión.

A autorización de comercialización do R1829/2003, válida en toda a UE, é tamén temporal, sendo concedida por un período de 10 anos, renovable polo mesmo período segundo o procedemento simplificado previsto no artigo 11 do dito regulamento.

O réxime de autorización é, en gran parte, aplicable, de forma retroactiva, aos alimentos transxénicos ou de orixe transxénica que foran legalmente comercializados con anterioridade á data de aplicación do Regulamento 1829/2003.

O lexislador comunitario, consciente da dificultade de evitar a presenza de material transxénico ou de orixe transxénica en determinados procesos produtivos alimentarios, exonera da obriga de obter a autorización esixida polo R1829/2003 cando se pretenda comercializar un alimento que conteña unha proporción de material transxénico igual ou inferior ao 0,5 % e se cumpran as demais condicións do artigo 47: que a dita presenza sexa accidental ou tecnicamente inevitable; que o material modificado xeneticamente presente no alimento recibira o ditame favorable da AESA ou do comité científico comunitario competente antes da data de aplicación do R1829/2003; que non se denegara a solicitude deste material en virtude da lexislación comunitaria pertinente; e que os métodos de detección deste material estean ao dispor do público. Esta exoneración ten, ademais, unha vixencia temporal limitada: tres anos tras a data de aplicación do R1829/2003.

Por outra parte, o Regulamento 1830/2003 garante que todos os produtos transxénicos, en todas as fases da súa comercialización (e non só ao ser postos no mercado) ata chegaren ao consumidor final, indiquen claramente na súa etiquetaxe o seu carácter transxénico. O R1829/2003, á súa vez, fai o propio no ámbito alimentario, atendendo ás especialidades deste ámbito e estendendo aquela garantía aos alimentos e pensos de mera orixe transxénica.

Tanto o R1829/2003 coma o R1830/2003 establecen un límite mínimo de presenza accidental ou tecnicamente inevitable de material transxénico ou de orixe transxénica no produto ou alimento do que se trate, por debaixo do cal se exonera do deber da etiquetaxe acabado de expoñer: este límite mínimo sitúase no 0,9%.

Esta etiquetaxe exhaustiva esixida polo R1829/2003 e o R1830/2003 require, obviamente, que a información relativa ao carácter ou orixe transxénica do produto do que se trate estea dispoñible ao longo de todas as fases da súa comercialización. Require, en definitiva, como complemento indispensable, un sistema estrito de trazabilidade, que agora garante, de forma uniforme en toda a UE, o R1830/2003.

O R1830/2003 establece unha serie de medidas destinadas a garantir a trazabilidade, en todas as fases da súa comercialización, de todos os produtos transxénicos e dos alimentos e pensos de orixe transxénica.

Coa aprobación dos regulamentos comentados completouse a regulación comunitaria esixida polos estados membros reacios á comercialización de organismos modificados xeneticamente para levantar a moratoria fáctica existente desde 1998.

En relación coa comercialización de organismos modificados xeneticamente ou de produtos que os conteñan, a lei española delimita con maior precisión o concepto de comercialización e somete as correspondentes autorizacións a un prazo de vixencia, transcorrido este deberán renovarse. Así mesmo, establece a obriga de levar a cabo un seguimento e control dos organismos modificados xeneticamente ou dos produtos que os conteñan, co fin de identificar, cando xa estean autorizados, calquera efecto adverso que poidan producir na saúde humana ou no medio, así mesmo, obrígase a etiquetalos axeitadamente para garantir non só o seu control e seguimento polas autoridades competentes, senón tamén a adecuada información dos consumidores.

Na lei española enténdese por comercialización todo acto que supoña unha entrega a terceiros, a título oneroso ou gratuíto, de organismos modificados xeneticamente ou de produtos que os conteñan.

Durante a valoración das solicitudes de comercialización de organismos modificados xeneticamente, os órganos competentes para outorgar a autorización solicitaranlle previamente ao Consello Interministerial de Organismos Modificados Xeneticamente un informe sobre a avaliación específica do risco ambiental.

As persoas físicas ou xurídicas que pretendan comercializar por primeira vez organismos modificados xeneticamente ou unha combinación de organismos modificados xeneticamente como produtos ou compoñentes de produtos, solicitaranlle autorización á administración competente, remitindo para o efecto:

- a) Un estudo técnico, que comprenda as informacións e datos que regulamentariamente se determinen.
- b) Unha avaliación do risco para a saúde humana e o medio, que deberá incluír a metodoloxía empregada e as conclusións sobre o impacto potencial neste.
- c) As condicións para a comercialización do produto, incluídas as de uso e manexo.
- d) Un plan de seguimento, cunha proposta de vixencia deste.
- e) Unha proposta de etiquetaxe e de envasado.
- f) A proposta do período de duración da autorización, que non poderá ser superior a 10 anos.
- g) A información de que dispoñan, se é o caso, sobre datos ou resultados doutras liberacións do mesmo organismo modificado xeneticamente en trámite de autorización ou xa efectuadas, tanto polo interesado coma por terceiras persoas, sempre que estas deran a súa conformidade por escrito.
- h) Un resumo do expediente, que se poñerá ao dispor do público.

A Administración Xeral do Estado realizará un informe de avaliación no que se indicará se os organismos modificados xeneticamente deben ou non comercializarse e en qué condicións. O informe de avaliación xunto co resumo do expediente remitiráselle á Comisión Europea e, por esta, aos demais estados membros, podendo solicitar informacións adicionais, formular observacións ou presentar obxeccións motivadas á comercialización do organismo modificado xeneticamente do que se trate.

A Administración Xeral do Estado ditará a resolución motivando o rexeitamento da solicitude cando, ao ser o informe de avaliación contrario á comercialización, decidira, despois de finalizar o correspondente procedemento, que este organismo non se debe comercializar.

A autorización de comercialización só se poderá outorgar cando se autorice previamente unha liberación voluntaria sen fins comerciais destes organismos, ou se realizara unha avaliación dos riscos de conformidade co disposto nesta lei ou coas súas normas de desenvolvemento. Se se formulasen obxeccións por parte dos estados membros ou da Comisión Europea e non se chegase a un acordo, a Administración Xeral do Estado non poderá outorgar a correspondente autorización sen a previa aprobación da Unión Europea.

Na autorización especificaranse:

- a) O seu alcance, coa identificación dos organismos modificados xeneticamente que se van comercializar e o seu identificador único.
- b) O seu prazo de validez, que terá unha duración máxima de 10 anos.
- c) As condicións de comercialización do produto.
- d) As mostras de control que se deben ter en depósito.
- e) Os requisitos de etiquetaxe e envasado.
- f) Os requisitos de seguimento do produto.

Non se poderá prohibir, restrinxir ou impedir a comercialización de organismos modificados xeneticamente, ou de produtos que os conteñan, que foran autorizados por outros estados membros, sempre que estas autorizacións se outorgaran de acordo coas disposicións que incorporen aos respectivos dereitos nacionais as normas das comunidades europeas sobre esta materia e se respecten estritamente as condicións establecidas nas respectivas autorizacións.

Non obstante, a Administración Xeral do Estado poderá restrinxir ou suspender o uso e a venda dun produto debidamente autorizado, cando con posterioridade á súa autorización dispoña de novas informacións das que se deduza que o produto supón un risco para a saúde humana ou o medio ambiente, debendo neste caso informar ao público.

De grande importancia é tamén, no noso país, a recente aprobación do regulamento de desenvolvemento da LOMX, mediante o Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro (ROMX2004). Como xa nos consta, o desen-

volveremento goberamental era, en España, imprescindible para traspoñer de xeito completo as directivas comunitarias e disciplinar de modo adecuado esta materia.

3. Vantaxes e inconvenientes

As vantaxes dos OMX relaciónanse coa mellora na produción, o incremento nas marxes financeiras dos agricultores e a redución no uso de pesticidas e herbicidas, coa pretensión de solucionar a fame no mundo.

Os riscos vincúlanse aos efectos sobre a saúde humana, a preocupación a longo prazo do impacto ecolóxico sobre a biodiversidade, o poder de mercado das grandes empresas que desenvolvan OMX, e as obxecións éticas á transferencia non natural de material xenético entre especies distintas.

Ademais, a UE coñeceu, ultimamente, graves incidentes en relación á seguridade alimentaria con consecuencias negativas para a saúde dos cidadáns, como a *Encefalopatía bovina esponxiforme* en Gran Bretaña e España, a crise das dioxinas en Bélxica, ou os casos de patóxenos como a *Listeria* atopados en carne preparada e queixos en Francia.

Estes feitos produciron, por unha parte, a perda de confianza sobre os riscos para a saúde dos produtos consumidos e, por outra parte, a demanda dunha maior información e unha regulación máis estrita sobre seguridade alimentaria, aumentando a disposición a facer fronte a gastos derivados desas disposicións.

Confiamos en que estas novas normativas sexan un punto de apoio firme ao establecer o fundamento científico máis acreditado para a aprobación dos produtos e aumentar ao máximo a información dos consumidores.

4. Moratoria da Unión Europea

A normativa comunitaria sobre os OMX tiña, ata o de agora, limitada a súa aplicación pola moratoria *de facto*, nunca declarada oficialmente, da UE, que, desde outubro de 1998, non volvera a conceder nin unha soa autorización de comercialización de transxénicos, ata a do millo doce Bt-11 que a Comisión Europea aprobou o día 19 de maio de 2004.

A aprobación da Comisión Europea á comercialización na UE do millo Bt-11, xeneticamente modificado, supuxo o fin da moratoria europea aos alimentos transxénicos, polo menos para este caso concreto, quedando aínda pendentes moitas outras decisións semellantes. A posición favorable da Comisión apóiase na consideración de que a nova legisla-

ción comunitaria sobre etiquetaxe e seguimento dos OMX, que entrou en vigor o 18 de abril de 2004, é suficiente para garantir que os transxénicos que se comercialicen no mercado da Unión non supoñan ningún risco para a saúde.

A decisión é válida por un período de dez anos e permite o uso específico de importación do denominado Bt-11, un millo doce enlatado ou fresco, sempre que a etiquetaxe do produto mostre claramente que o millo é un organismo xeneticamente modificado, en liña coa lexislación europea.

A posición oficial da UE indica que a seguridade alimentaria non será un problema de aquí en adiante, será unha cuestión de elección do consumidor. As novas regras da UE sobre os OMX requiren unha clara etiquetaxe e trazabilidade. A etiquetaxe dálle aos consumidores a información que necesitan para facerse a súa propia idea.

Os consumidores europeos pregúntanse mentres tanto se a aprobación en goteo das sementes modificadas xeneticamente responde a motivacións políticas ou científicas. E a cuestión envelena as relacións comerciais entre os EE.UU. e Europa.

A Comisión debía tomar unha decisión, xa que os EE.UU, Canadá e Arxentina presentaron unha queixa ante a Organización Mundial do Comercio acusando á Unión Europea de pechar o seu mercado para alimentos transxénicos.

Para os países importadores a posición da UE ata o de agora era considerada como unha política de proteccionismo comercial que establece barreiras á importación dos OMX dentro da UE, sendo tamén, neste punto, dificilmente rebatible a protesta americana ante a Organización Mundial do Comercio (OMC).

Hai moito en xogo neste enfrontamento. O desenvolvemento da ciencia, a defensa da saúde humana e o medio, a liberdade científica e de empresa, a competitividade e a propia estrutura do tecido industrial europeo, as conviccións morais das nosas sociedades ou dos nosos propios hábitos alimentarios e de consumo dependerán da solución que finalmente se acade, e esta solución artéllase e artellarase necesariamente a través do dereito. Sobre todo, do dereito administrativo e das administracións públicas que este regula e que velan polo cumprimento do ordenamento xurídico.

5. Consideracións conclusivas

A función básica atribuída á Administración pública pola normativa existente é a de velar pola súa observancia, impedindo que os particulares que produzan ou utilicen organismos transxénicos lesionen o medio

ou a saúde das persoas e vulneren desta forma o interese xeral. Pero non é a única. A Administración tamén despreza neste ámbito actividade de fomento. Dispón de centros de investigación públicos, onde se estudan e desenvolven novos organismos modificados xeneticamente. É necesario destacar tamén o VI Programa-Marco de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico da UE, o principal instrumento da política de investigación comunitaria (cun presuposto xeral de 17.500 millóns de euros durante o período 2003-2006), que lle concede unha grande importancia á investigación en materia de biotecnoloxía e de organismos modificados xeneticamente ao incluíla entre as súas áreas prioritarias.

A normativa comunitaria vixente permite denegar as autorizacións de comercialización de OMX se o solicitante non demostra a inocuidade deste, pero obriga a concedelas cando, tras cumprir unha longa tramitación, conste a seguridade para o medio e a saúde humana.

É preciso realizar unha campaña pública de información científica e divulgativa sobre os produtos transxénicos, onde se informe sobre as súas vantaxes e inconvenientes, se anuncie os que teñen autorización e se informe sobre os mecanismos que se estableceron ata chegar á introdución no mercado.

Nesta liña, os regulamentos europeos sobre etiquetaxe e trazabilidade dos OMX requiren da urxente creación e posta en funcionamento no noso país dun sistema administrativo nacional de inspección respecto da comercialización de transxénicos, co obxectivo último de que o consumidor poida elixir e rexeite, se o considera conveniente, os polémicos alimentos alterados xeneticamente.

O día 8 de setembro de 2004 a Comisión Europea tomou a decisión de incluír outras 17 variedades de millo modificado xeneticamente *Mon 810* da multinacional *Monsanto* no catálogo europeo de sementes, o que permitirá a súa venda en todo o territorio europeo. Estas variedades de *Mon 810* estarán suxeitas aos requerimentos de trazabilidade e etiquetaxe establecidos nos regulamentos dos OMX.

Estas últimas decisións significan que Bruxelas lle deu luz verde á bioindustria. E con isto, aos dirixentes europeos agárdalles moito traballo, pois a lista de produtos transxénicos, dos que se solicitou a autorización para a súa importación, inclúe xa máis de 30. 